

Exercicios de redes e telecomunicacións

1. Cal dos seguintes dispositivos non é un host?
 - a) SmartTV
 - b) Router
 - c) Tableta
 - d) Teléfono intelixente
2. Nunha casa cunha rede WiFi local, segundo o seu tamaño, que tipo de rede é?
 - a) PAN
 - b) LAN
 - c) MAN
 - d) WAN
3. Dos seguintes tipos de redes, cal non se define polo seu carácter?
 - a) Privada
 - b) Cliente-servidor
 - c) Pública
 - d) Mixta
4. Cal é a topoloxía máis empregada á hora de montar unha rede de datos e telecomunicacións?
 - a) Anel
 - b) Malla
 - c) Árbore
 - d) Estrela
5. Que tipo de cable de par trenzado é o que ten un apantallamento con pantalla de aluminio no par e malla de aluminio no cable?
 - a) F/UTP
 - b) S/UTP
 - c) F/FTP
 - d) S/FTP
6. Que categoría de cable de par trenzado se pode empregar en redes LAN de ata 40 Gbps?
 - a) Categoría 6a
 - b) Categoría 7a
 - c) Categoría 8
 - d) Categoría 7
7. Na terminación T568B dos cables de par trenzado, que orde se segue para a súa conexión no conector RJ-45?
 - a) BV-V-BN-A-BA-N-BM-M
 - b) BN-V-BV-A-VA-N-BM-M
 - c) BN-N-BV-A-BA-V-BM-M
 - d) Ningunha das anteriores
8. Que termo non forma parte dun cable coaxial?
 - a) Malla
 - b) Vivo
 - c) Módulo
 - d) Cuberta
9. Nun cable de fibra óptica a luz transmítese por:
 - a) Funda óptica
 - b) A funda exterior
 - c) O revestimento
 - d) O núcleo óptico composto de fibra de vidro ou plástico

10. O estándar OS2 adoita empregarse:

- a) En instalacións de máis de 2 km
- b) En instalacións de máis de 0,5 km
- c) En instalacións de menos de 2 km
- d) En instalacións de menos de 1 km

11. Unha das seguintes características non se corresponde coa tecnoloxía WiFi:

- a) O seu ancho de banda máximo é de 2 Gbps
- b) O seu estándar é o IEEE 802.11
- c) Traballa a unha frecuencia de 2,4 GHz ou 5 GHz
- d) Alcance máximo de 1 km

12. O estándar 5G:

- a) Consume un 9% menos de enerxía ca o 4G
- b) Pode acadar ata 20 Gbps
- c) A súa latencia é superior á do 4G
- d) Pódense conectar menos dispositivos respecto ao 4G

13. Principais vantaxes do cable de par trenzado:

- a) Baixo custo, fácil instalación e flexibilidade ante modificacións na infraestrutura
- b) Inmunidade fronte a interferencias electromagnéticas
- c) Axilidade para conectar dispositivos sen fíos
- d) Ideal para grandes distancias a gran velocidade

14. A infraestrutura de rede nun edificio consta de:

- a) Cableado horizontal e cableado vertical
- b) Hosts, cableado horizontal e cableado vertical
- c) Router principal e routers secundarios
- d) Distribuidor de planta, distribuidor de edificio, cableado horizontal e cableado vertical